

A vila imaxinada

PALABRA DE BRUXA

UNHA ACHEGA DE ANDREA BARREIRA FREIJE



**Deputación
DA CORUÑA**



asociación de
**escritoras
escritores**
en lingua galega
www.aeig.gal

COLABORA:





AUTORA: Andrea Barreira Freije
BIOGRAFÍA: (Fonsagrada, 1986) é graduada en Xornalismo pola Universidade de Santiago de Compostela e especialista en comunicación medioambiental, social e internacional. Na actualidade continúa a súa formación e está a estudar Pedagogía. En 2015 publicou *Non hai luz sen escuridade* (Urco Editora), unha novela de xénero fantástico para público xuvenil. Para adultos ten relatos en antoloxías colectivas *Contos do Sacauntos*, *Romasanta o criminal* (Urco Editora), *Lendas de Gallaecia, Segunda Era* e *Encontros na Terceira Fase* (Contos Estraños), *Tebras na Alma* (autoedición), e *Contos de Verán* (Redelibros). Actualmente, imparte obradoiros de narrativa para adolescentes e adultos en *Gestión cultural-Taller Abierto* (Pontevedra). Ademais dá obradoiros de escrita creativa, é redactora na web *Galicia Enteira* e forma parte da plataforma de crítica literaria feminista *A Segra* e da *AELG*.

Palabra de bruxa:

Unha achega á visión da muller no pasado e no presente.

No documento audiovisual fálase do xuízo inquisitorial a Berenice da casa das Xanas, protagonista do libro *Palabra de bruxa*, escrito por Andrea Barreira Freije.

A autora trasládase ao século XVI para contarlle á rapazada como as mulleres que se saían da norma establecida eran acusadas de bruxería. E cales eran estas mulleres? As que vivían en extrema pobreza, as solteiras, as mulleres con terras que eran cobizadas pola igrexa ou o poder político, as parteiras...

Neste contexto, sitúase a Berenice: muller propietaria dun muíño e terras fértiles, científica, xeradora de opinión, independente, nai solteira, bisexual... que ademais forma parte dun aquellarre no que as mulleres conforman unha rede de apoio. Por todas estas cuestións, é muller incómoda para os poderes da época. Ao longo do vídeo uníranse estas características con distintos termos feministas.

Así, o alumnado coñecerá as diferenzas entre sexo, xénero ou diversidade afectivo-sexual e como se relacionan estes termos entre si. Descubrirán que o destino de Berenice está condicionado por estas palabras. De térselle asignado o sexo masculino, seguramente sería considerada unha peza importante da comunidade e non unha bruxa. Mais rompe cos seus roles e vive libre, desenvolvendo todas as súas capacidades.

Isto lévanos a outro bloque de conceptos da loita feminista, como o teito de cristal, os dereitos reprodutivos, a recuperación de referentes, a construción de redes ou o significado da sororidade. Berenice practica abortos e é parteira, dá a súa opinión, adquire coñecementos que comparte con outras mulleres que, á súa vez, lle ensinan a ela. Todo isto non era propio das mulleres, infravaloradas,

consideradas débiles e incapaces. Berenice demostrou o contrario e por iso foi xulgada por bruxa. Porque, igual ca nós, vive nunha sociedade patriarcal, termo que tamén se traballa no vídeo e que explica como se constrúe a realidade.

A intención do vídeo é que a rapazada reflexione sobre o sentido das imposicións e dos xuízos de valor sobre as persoas que non seguen os canons. Cunha perspectiva de xénero, preténdese que desenmascare ao patriarcado, vexa o absurdo da súa construción do mundo e sexan quen de trasladar a crítica do século XVI ao XXI.

Búscase a implicación do alumnado, apelándoo, obrigándoo a tomar partido, a xulgar segundo a ollada inquisidora. Nas seguintes actividades, ditará sentenza e decidirá se unha muller pode vivir malia ser diferente ou debe queimarse na fogueira por cometer o delito de saírse da norma.

Propostas didácticas:

ACTIVIDADE 1: XUÍZO A BERENICE

a. Descrición:

Durante vídeo, o alumnado escoitou os motivos polos que Berenice da casa das Xanas foi levada a xuízo. A continuación, deberá ditar sentenza. Para iso, axúntase un formulario que contestar. Unha vez rematado, segundo o número de respostas afirmativas e negativas, decidirán o destino da muller: É Berenice culpable de bruxería?

PREGUNTA	RESPOSTA: SI	RESPOSTA: NON
É Berenice unha muller?		
Ten Berenice un traballo físico?		
Ten Berenice bens?		
E coñecementos científicos?		
Adquiriu coñecementos doutras mulleres?		
Transmite os coñecementos a outras mulleres?		
Forma parte dun aquelarre?		
Berenice é parteira?		
Practicou abortos?		
É nai solteira?		
É bisexual?		
É unha muller independente?		
Está supeditada a unha relixión?		
E a un home?		

A raíz do resultado e, tendo en conta os termos explicados durante o vídeo, deberán responder brevemente á seguinte cuestión: Que opinas sobre a condena de Berenice?

a. Solucionario:

O resultado está preparado para que sexa culpable, unha sentenza absurda igual que o é todo o proceso inquisitorial ou o xuízo ás persoas diversas. Sería interesante que as respostas do alumnado chegasen a esta conclusión ou xirasen ao redor dos seguintes puntos:


-Saír dos roles establecidos polo patriarcado implica a desaprobación, rexeitamento e xuízo moral e social, afectando a autoestima, o autocoñecemento ou o valor ao diverso, cando en realidade non hai dúas persoas iguais.

-Berenice foi acusada de bruxa por ser diferente e rebelarse aos intereses políticos, económicos e sociais. Por ser muller, era considerada inferior ao home: intelectual, emocional, física e economicamente. As súas fortalezas non se consideraban propias dela, senón dadas por seres superiores como o demo.

b. Método de avaliación

-Actividade avaliable pero non cualificable.- Chuvia de ideas na que resuman a súa opinión sobre a condena de Berenice. Pódese traballar no taboleiro da aula ou de xeito virtual a través dunha aplicación axeitada. A modo de exemplo propoñemos a seguinte: [Padlet](#).

-Proposta para profundar no tema: texto de opinión no que se reflexione sobre o xuízo ás persoas que se saen do habitual, apoiada nos termos explicados no vídeo (500-800 palabras). Os textos poden empregarse para pendurar no taboleiro de clase e incluso crear unha votación para elexir os máis relevantes durante o debate.



a. Descrición

**ACTIVIDADE 2:
OS CRITERIOS DA
INQUISICIÓN**

Berenice foi xulgada e condenada no s. XVI seguindo a guía do Maellus, libro para detectar, xulgar e acusar ás persoas de bruxería e herexía. A partir dos seguintes fragmentos, relaciona o seu contido cos termos explicados no vídeo.

“Muchos patriarcas y profetas como Isaac, Samuel, Sansón y también Alexis, Nicolás y muchos otros que se vieron provehidos de gracias innumerables para la santificación de su vida. Pero la experiencia nos enseña que siempre, las hijas de las brujas han de ser sospechosas de prácticas de este género, como imitadores de los crímenes maternos, y en verdad que toda la generación se encuentra infectada. La razón de todo esto y de cuanto precede, es que en virtud del pacto con el demonio deben hacerlo todo para conseguir de modo seguro el aumento y supervivencia de su perfidia. ¿Como podría ocurrir si no, tal y como se ve a menudo, que niñas impúberes de ocho o diez años promuevan tempestades y tormentas, si no es por haber sido consagradas siendo más niñas al diablo por su madre en una ofrenda sacrílega?”

- Selecciona a resposta ou respostas correctas:

1. Con que termos podemos relacionar e explicar o fragmento anterior? (p. 311)

- (a) Sexo, xénero
- (b) Sexo, xénero, xenealoxía
- (c) Patriarcado
- (d) Ningunha das anteriores

“En cuanto al otro punto, la cuestión sobre el género de mujeres que con preferencia a las demás se encuentran entregadas a la superstición y a los maleficios: tras la cuestión precedente queda claro que hay tres géneros de vicios principales que parecen reinar sobre todo entre las mujeres malas: la infidelidad, la ambición y la lujuria. Luego éstas sobre todo se entregan a los maleficios, aquellas que se abandonan a estos vicios. Y porque entre los tres, el último es dominante porque es insaciable, las que son ambiciosas son las más inficionadas, porque son más ardientes para satisfacer sus pasiones depravadas, como son las adúlteras, las fornicadoras, las concubinas de los grandes.”

2. Con que termos podemos relacionar e explicar o fragmento anterior? (p.107)

- (a) Teito de cristal
- (b) Diversidade afectivo-sexual
- (c) Sexo, xénero, patriarcado
- (d) Todas as respostas son correctas

“Concluamos, resulta tanto o más difícil forzar a una bruja a decir la verdad que exorcizar a una persona poseída por el demonio. Esta es la razón por la que el juez no debe ser excesivamente voluntario ni fácil, a menos que sea, como se ha dicho con ánimo de llegar cuanto antes a la pena de sangre. Pero incluso también en esta causa debe hacer la diligencia, como sigue. En primer lugar pronunciando la sentencia.”

- Partindo do seguinte fragmento, responde verdadeiro o falso. Xustifica brevemente a túa resposta: (p.483)

3. Nos xuízos por bruxería, ponse en dúbida a palabra das mulleres.

4. O proceso xudicial era un proceso xusto?

(a) “Pero puesto que en los tiempos modernos la perfidia de la brujería se encuentra con mayor frecuencia entre las mujeres que entre los hombres, como la experiencia nos enseña, nosotros que aspiramos a fijar la causa de la mejor forma posible, podemos repetir lo dicho: Dado que son débiles en las fuerzas del cuerpo y del alma, no es extraño que pretendan embrujar a aquellos a quienes detestan. Por lo que hace al intelecto o a la comprensión de las cosas espirituales, parecen de una naturaleza diferente a la de los hombres; Lo cual es un hecho apoyado por la autoridad de la razón, con muchos ejemplos en la Escritura. Terencia dice en Hecyra: Las mujeres con casi como niños por la ligereza de sus pensamientos. Y Lactancio en sus Instituciones: ¿Qué mujer ha aprendido la filosofía fuera de Temeste? Y el Libro de los Proverbios dice como describiendo a la mujer: La mujer hermosa y fatua es un anillo de oro en el hocico de un cerdo.”

(b) “Encontré a la mujer más amarga que la muerte y a la mujer buena sometida a la concupiscencia de la carne.

Hay algunos que asignan otras razones al hecho de que haya más mujeres que hombres sometidas a la superstición. La primera es que las mujeres son más crédulas, de donde, como el demonio intenta, sobre todo, corromper la fe, las ataca con preferencia. Efectivamente, aquel que tiene su confianza fácil muestra su ligereza, dice el Eclesiástico (6). La segunda razón es que las mujeres son, naturalmente, más impresionables y están más dispuestas a recibir las revelaciones de los espíritus separados. Esta complejión, cuando se emplea para el bien las hace muy buenas; de otro modo, son muy malas.”

5. Nos dous fragmentos anteriores constrúese a imaxe da muller como persoa incapaz que precisa ser guiada, tutelada e proxida. (p. 101, 100)

d. Solucionario

Os textos proceden do *Malleus Maleficarum*. O martelo das bruxas. Libro do s. XV que a Inquisición usaba para detectar, acusar, xulgar e condenar a bruxas e herexes. Describía por que as mulleres caían na bruxería, partindo de comportamentos considerados impropios. Cómpre lembrar que as mulleres eran acusadas de bruxería por pobres, solteiras, posuír propiedades que reclamaban certos sectores do poder, parteiras...

As respostas ás preguntas son as seguintes:

1. (b) e (c)
2. (d)
3. Verdadeiro. Considerábase que mentir formaba parte a esencia das mulleres, característica que se realizaba cando pactaban co Demo.
4. Falso. Partíase da tese da culpabilidade, a partir de aí forzaban ás mulleres a confesar baixo tortura ou creaban as probas incriminatorias.
5. Verdadeiro. Considerábase que as mulleres carecían das facultades plenas para poder ter unha vida propia, de aí a necesidade dun home que xestionara os seus bens, comportamentos, emocións...

BIBLIOGRAFÍA PRINCIPAL:

Barreira Freije, Andrea, Palabra de bruxa.

trad: Jiménez Monteserín, Miguel, *Maellus maleficarum*. O martelo das bruxas.

BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA:

Aleixandre, Marilar, Expedición ao Pacífico → Muller e ciencia.

Caamaño, Begoña, Circe ou o pracer azul → Sororidade.

Carrodegas, Esther F., Voaxa e carmín → Xuízo de valor, moralidade, violencia.

Castro, Olga e Reimóndez, María, Feminismos → Ampliación de conceptos.

Conde, Lorena, Santa Inés → Muller e relixión.

Dávila, Berta, Carrusel → Maternidade en mulleres con trastornos mentais.

Nunes, Andrea e Rosendo, María, Diáspora de amor balea → Diversidade de xénero, homosexualidade.

Ámbito docente:

O Decreto 86/2015, de 25 de Xuño, polo que se establece o currículo da ESO e Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, trata no seu artigo 4º os elementos transversais, é dicir, os elementos que se traballarán en todas as áreas, sen prexuízo do seu tratamento específico. Este artigo cita numerosos elementos transversais, entre eles a comprensión lectora (CL); a expresión oral e escrita (EOE), a comunicación audiovisual (CA); as tecnoloxías da información e a comunicación, (TIC); a educación cívica e constitucional (ECC); a igualdade efectiva entre homes e mulleres (GX) e a prevención da violencia de xénero (PVX), establecendo que "se evitarán comportamentos e contidos sexistas e os estereotipos que supoñan unha discriminación por razón de orientación sexual ou da identidade de xénero"; a igualdade de trato e non discriminación (IG); a resolución pacífica de conflitos (RPC) ou a educación en valores (VAL). Esta proposta didáctica responde a estes coñecementos transversais.

De xeito obxectivo, a proposta didáctica non é dabondo para explorar a transversalidade en todos estes eidos de xeito total, recoméndase o seu emprego nas sesións de titoría malia que se pode facer emprego dela desde calquera outra materia do currículo, dado que todas as materias do mesmo deben traballar estes elementos transversais para a creación dunha persoa competente e íntegra da nosa sociedade.

Asemade, resaltamos o grupo de obxectivos xerais que coidamos poden ser obxecto de traballo a partir desta sesión de aula:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Deste xeito recomendamos o emprego desta proposta didáctica para os cursos de 3º e 4º da ESO. Por suxerir unha sorte de temporalización incluímos as datas significativas do 25-N ou do 8M, mais consideramos que se pode empregar e outros moitos momentos ao longo do curso escolar: semana dos dereitos humanos, semana da visibilización LGTBI, semana da muller na ciencia, etc.

A proposta non inclúe unha formulación en base a estándares de aprendizaxe debido á súa flexibilidade. Porén o docente que a empregue pode adaptala á súa programación de aula, sendo esta o documento dinámico e flexible que sempre é.

A vila imaxinada é un proxecto de creación de material de apoio á docencia desde a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega que se adecúa aos estándares de aprendizaxe da lei educativa vixente e propón alternativas para conseguir os obxectivos de etapa do alumnado do noso sistema educativo en coordinación coa realidade galega na que se atopan.

A vila imaxinada oferta outro xeito de mirar o mundo da man de creadoras e creadores que alicerzan o pensamento nas letras e constrúen pontes e cidades habitadas polo pensamento crítico e polo soño dunha sociedade consciente da súa cultura e do seu labor de usuario e creador da mesma.

Esta achega de Andrea Barreira Freije, ademais, explora elementos transversais do currículo como a igualdade e o respecto entre mulleres e homes. Pode ser empregada tanto para unha materia específica como para as propostas de titoría tan necesarias para o desenvolvemento da persoa ao longo do curso escolar.

Como temáticas principais da proposta didáctica resaltamos: feminismo, identidade, identidade de xénero, respecto, diversidade, diversidade afectivo sexual, pensamento crítico, desenvolvemento e crecemento persoal, oralidade, debate.

A vila imaxinada é un proxecto da AELG creado co
amparo da Deputación de A Coruña.

Proposta didáctica: Andrea Barreira Freije

Coordinación: Anna R. Figueiredo

Ilustración de capa: Luz Beloso

Maquetación e produción audiovisual: Beatriz Pereira